

obxecto de que se lles recoñeza o dereito á percepción da pensión de xubilación denegada ou a unha contía superior á que teñen recoñecida.

Nas disposicións citadas estableceranse os mecanismos que aseguren o mantemento do equilibrio económico-financieiro da Seguridade Social, de xeito que a mellora da pensión ou o seu recoñecemento, como consecuencia da consideración, como cotizados á Seguridade Social, dos períodos previos á entrada en vigor da Lei 7/1985, quede condicionada ao ingreso na Tesouraría Xeral da Seguridade Social do correspondente capital-custo de pensión.

Disposición transitoria única. *Validez das cotizacións efectuadas.*

1. O disposto nesta lei aplicaráselles ás situacións legais de desemprego que se produzan unha vez que entrase en vigor.

2. Non obstante o anterior, as cotizacións por desemprego que se puidesen efectuar con anterioridade á entrada en vigor desta lei producirán efectos e computaranse para o recoñecemento, a duración e a contía das prestacións por desemprego que se lles recoñezan ás persoas a que se refire esta lei.

3. Serán válidas todas as cotizacións efectuadas ao réxime xeral polos cargos representativos dos sindicatos constituídos ao abeiro da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, que exerzan funcións sindicais de dirección con dedicación exclusiva ou parcial e perciban unha retribución, así como polos sindicatos respecto ás ditas persoas. Tamén serán válidas as prestacións que puidesen ter percibido ou estean actualmente a percibir.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria, esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

21408 *LEI 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa.* («BOE» 293, do 8-12-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As situacións de endebedamento insustentable supoñen un lastre ás posibilidades de desenvolvemento de numerosos países. Logo de máis de dúas décadas de convivencia con esta realidade, parece

claro que non se chegou a solucións efectivas, a pesar de que se propuxeron distintas iniciativas para afrontar este problema, o que aumentou a magnitude da situación, facendo inviable en moitos países, especialmente aqueles máis pobres, calquera estratexia eficaz de desenvolvemento.

Por esta razón, a demanda dunha saída efectiva ao endebedamento dos ditos países constituíu o centro dunha das máis amplas mobilizacións da sociedade civil dos últimos anos, congregando un amplo espectro de organizacións tanto do norte coma do sur.

A pesar de que a comunidade internacional seguiu preocupada pola débeda externa dos países en vías de desenvolvemento e polo establecemento nos países acredores de mecanismos para a súa xestión que favorezan o desenvolvemento –diso é exemplo o denominado Consenso de Monterrey– e de que a sociedade civil continuou a reivindicar a adopción de medidas que liberen os países afectados desta gran carga, o certo é que son moitos os que aínda seguen a destinar un maior volume de recursos ao servizo da débeda que á educación e á sanidade.

En resposta a esa demanda, o G-8, en Colonia en xuño de 1999, acordou pór en marcha unha política máis ambiciosa para o alivio da débeda dos países pobres altamente endebedados (HIPC nas súas siglas inglesas) adoptada en 1996, que é o que hoxe se denomina HIPC II. A iniciativa HIPC, na súa versión inicial e reforzada supuxo un importante alivio para os países en desenvolvemento beneficiarios dela. Non obstante, a experiencia acumulada desde a súa posta en marcha demostra que incluso estes esforzos poden non ser suficientes para darlle unha solución definitiva ao problema da débeda externa destes países.

Por iso, non é casual que na Declaración do Milenio, froito do Cumio do Milenio celebrado no ano 2000, os dirixentes mundiais se comprometesen a unir as súas forzas para lograr que, en 2015, se cumprisen 8 obxectivos e 18 metas concretas, entre as cales figuran, como obxectivo 8, «Fomentar unha asociación para o desenvolvemento» e, por outra parte, como meta 15, «Encarar de maneira xeral os problemas da débeda dos países en desenvolvemento con medidas nacionais e internacionais co fin de facer a débeda sustentable a longo prazo». Este compromiso da comunidade internacional obriga tamén a España a actuar dunha forma máis activa na xestión da débeda externa.

Por outra banda, e aínda cando se logre ofrecer solucións ao endebedamento acumulado, é preciso evitar a propensión a un endebedamento insustentable para evitar que, desde unha perspectiva financeira, se dean situacións de risco moral, selección adversa e falta de disciplina macroeconómica.

No caso de España, os tratamentos da débeda externa son relativamente recentes, incorporándose ao Club de París como membro permanente a principios dos 80. A evolución posterior supuxo un aumento tanto no montante total da débeda, coma na porcentaxe condonada, ben que deixou translucir tamén certas debilidades.

Consciente da necesidade de solucionarlas e da importancia do problema, España ten a posibilidade, por se tratar dunha cuestión de implantación recente, de facer uso do amplo abano de opcións dispoñibles e da súa enorme potencialidade para integrar instrumentos e enfoques sobre o tratamento da débeda externa.

En suma, resulta obrigado que España adopte unha política de xestión de débeda externa cada vez máis sólida e responsable, solidaria cos países en desenvolvemento e integrada no marco multilateral internacional.

Medidas que, en todo caso, deberán estar inspiradas nos principios de coordinación multilateral e condicionalidade –como forma de garantir a efectividade das medi-

das-, coordinación interna, transparencia e adaptación ás necesidades de desenvolvemento dos países debedores. Neste sentido, daráselle especial protagonismo á participación dos países debedores, incluíndo a súa sociedade civil, no deseño das solucións aos seus problemas de sustentabilidade. Así mesmo, daráselle especial importancia á prevención dos problemas de sobreendebemento, tal e como foi recollido polo Consenso de Monterrey.

Nun subcomité do Consello de Cooperación, órgano previsto na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, que se ocupe especificamente de temas de débeda, analizaranse todas as cuestións relativas aos problemas de sobreendebemento externo, incluíndo aspectos relativos á orixe da débeda (carácter democrático dos gobernos que a contraeron e uso dado).

Na xestión da débeda externa prestaráselles especial atención aos criterios de coherencia entre os ministerios de Economía e Facenda, Asuntos Exteriores e Cooperación e Industria, Turismo e Comercio.

Por último, deben constituír tamén elementos decisivos no tratamento da débeda externa a creación dos instrumentos necesarios que garantan o efectivo control parlamentario da política adoptada polo Goberno nesta materia, asegurando, non só a súa coincidencia cos obxectivos da cooperación internacional, senón tamén a transparencia dos datos e cifras sobre ela.

Ao mesmo tempo, o importante grao de sensibilización da sociedade española arredor do problema da débeda externa, fai aconsellable que se arbitren os mecanismos necesarios para asegurar a participación da sociedade civil nesta materia, a través dos órganos previstos na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento.

Artigo primeiro. *Obxecto da lei. Concepto de débeda externa.*

1. Esta lei ten por obxecto a determinación dos principios e a regulación dos instrumentos en que se debe fundar e desenvolver a xestión da débeda externa que España ten como acreedora.

2. O obxectivo desta lei é que a xestión da débeda externa española estea vinculada coa política de cooperación española, conforme as prioridades e estratexias do Plan director da cooperación española, se integre activamente no marco multilateral internacional, sexa solidaria cos países en desenvolvemento e consoante coa política da Facenda pública.

3. A débeda externa a que fai referencia esta lei é a que deriva dos créditos bilaterais concedidos en termos concesionais polo Estado español con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (FAD), así como a débeda soberana con orixe nos seguros de créditos á exportación concedidos pola Compañía Española de Crédito á Exportación (Cesce), así como calquera outro mecanismo de crédito ao exterior.

Artigo segundo. *Competencias en materia de débeda externa.*

A competencia na xestión da débeda externa que España ten como acreedor correspóndelle ao ministerio competente por razón da materia, de acordo coa estrutura dos departamentos ministeriais vixente en cada momento. En caso de modificación da dita estrutura, a competencia entenderase atribuída automaticamente ao ministerio a que, como resulta dela, corresponda.

Artigo terceiro. *Principios reitores da política española de xestión de débeda externa.*

A política española inspirarase nos seguintes principios:

a) Respecto á estabilidade financeira e das obrigas contractuais. Dado que en condicións normais o endebedamento externo é un instrumento de financiamento ao desenvolvemento que contribúe a paliar a ausencia de recursos internos e permite acometer investimentos doutro xeito imposibles, o principio xeral de actuación da política de xestión da débeda externa debe ser o de respecto das obrigas contractuais e de estabilidade nas relacións financeiras. Só se requirirán actuacións excepcionais nos casos en que o sobreendebemento free o desenvolvemento do país debedor.

b) Cooperación ao desenvolvemento. As medidas en materia de débeda exterior adaptaranse ás necesidades de desenvolvemento dos países debedores e serán proporcionadas aos seus problemas financeiros. Estas medidas dirixiranse preferentemente aos países en vías de desenvolvemento con menor renda e maior nivel de endebedamento e, dentro deles, aos que sexan prioritarios para a cooperación española.

c) Coordinación interna. A política española de xestión de débeda será coherente coa política orzamentaria española e estará vinculada coa política española de cooperación ao desenvolvemento. A coordinación será continuada entre o Ministerio de Economía e de Facenda, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e co Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, e estenderase, caso por caso, aos ministerios que resulte conveniente. En concreto, o tratamento da débeda externa considerase como unha das actuacións prioritarias de cooperación financeira dentro dos plans directores da cooperación española.

d) Coordinación multilateral. A política española de xestión da débeda externa será conforme cos compromisos asumidos no marco multilateral e estará coordinada coas institucións internacionais relacionadas. España optará preferentemente respecto aos países máis empobrecidos e endebedados pola atribución de tratamentos concesionais ata os niveis máis vantaxosos permitidos pola legalidade vixente e o marco multilateral.

e) Condicionabilidade. España asegurase de que as súas actuacións de débeda exterior sexan acompañadas por políticas do país debedor tendentes a solucionar os desequilibrios que os conduciron a unha situación de endebedamento que requira tratamentos excepcionais. Prestarase especial atención a que os países beneficiarios de tratamentos de débeda se comprometan de forma expresa e verificable a reducir o nivel de pobreza, a avanzar na democratización do país, a progresar significativamente no respecto dos dereitos humanos, a perseguir o crecemento económico sustentable, o benestar, o pleno desenvolvemento social e humano dos seus pobos e a conservación do medio.

f) As actuacións en materia de débeda externa dirixidas aos países de orixe dos fluxos migratorios que recibe España deberían incluír fórmulas de participación dos propios emigrantes, de xeito que poidan contribuir ao desenvolvemento dos seus países.

g) Estes principios complementáanse cos xerais relativos á actuación administrativa, de transparencia e control parlamentario, así como á participación da sociedade civil. Esta última realizarase no Consello de Cooperación, órgano previsto na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento.

Artigo cuarto. *Instrumentos de xestión da débeda externa.*

1. Os instrumentos principais da política de xestión da débeda externa son os seguintes:

- a) As reestruturacións, aprazamentos e moratorias dos vencementos de débeda.
- b) As condonacións de débeda.
- c) As achegas a fondos para a redución da débeda dos países en vías de desenvolvemento contraída coas institucións financeiras multilaterais.
- d) As operacións de conversión de débeda externa por desenvolvemento humano con investimentos públicos e privados en función das prioridades do país receptor. Dentro destas operacións promoveranse, entre outras medidas, a constitución de fondos de contravalor que vinculen os recursos liberados ao investimento en programas de loita contra a pobreza.
- e) As operacións de recobramento anticipado, titulación de débeda e venda de débeda.
- f) Calquera outro que contribúa á consecución dos obxectivos que se pretenden con esta lei, incluíndo os mecanismos que permitan a prevención do sobreendebedamento.

2. As condicións, modalidades e termos de uso dos instrumentos anteriores serán coherentes co contexto multilateral.

3. Xunto cos instrumentos sinalados, fomentaranse os proxectos de fortalecemento institucional, loita contra a corrupción e bo goberno que traian estabilidade e as condicións necesarias para xerar crecemento económico e desenvolvemento humano nos países en desenvolvemento. Ademais, os estados receptores de axuda deberán implementar políticas de servizos e investimento público que diminúan as desigualdades sociais e avancen na redistribución da riqueza.

Artigo quinto. *A conversión de débeda.*

España promoverá un exercicio eficiente da política de conversión española, coherente coas demais actividades de política de cooperación ao desenvolvemento e consonte o marco do sistema financeiro internacional.

A política española de conversión de débeda guiarase polos principios xerais de xestión da débeda externa e, xunto a eles, polos criterios seguintes:

1. A conversión de débeda será consonte o marco de actuación acordado no ámbito multilateral.
2. Os programas de conversión dirixiranse á promoción de investimentos e proxectos que promovan o desenvolvemento dos países beneficiarios, nos sectores que estes consideren prioritarios, de acordo co principio de soberanía local do proceso de desenvolvemento. Para iso fomentaranse, en primeiro lugar, a participación de actores locais, primando o apoio ao tecido produtivo e asociativo local, co obxecto de que as operacións de conversión de débeda maximicen o impacto de desenvolvemento nos países beneficiarios.
3. Os países beneficiarios da conversión de débeda serán países con problemas financeiros de sobreendebedamento en coherencia coas indicacións do Plan director de cooperación e os seus plans anuais.
4. Os países beneficiarios da conversión de débeda deberán manter relacións financeiras regulares con España e coa comunidade internacional en xeral.
5. O asinamento dun programa de conversión deberá quedar vinculado coa política de cooperación mantida por España con respecto ao país beneficiario.
6. Os programas de conversión deberán ser consoantes co marco orzamentario español.

7. Nas diferentes estruturas de decisión e xestión dos recursos dispoñibles a partir de operacións de conversión de débeda, propiciárase a participación da sociedade civil de España e do país beneficiario, que serán seleccionadas de acordo cos criterios de experiencia no país, transparencia e representatividade.

Artigo sexto. *Mecanismos para a aplicación efectiva dos tratamentos de débeda.*

Os tratamentos de débeda que se acorden conforme os principios enunciados por esta lei instrumentaranse mediante os mecanismos que quedan enmarcados no establecido pola lexislación vixente, con obxecto de garantir a aplicación efectiva destes tratamentos.

Neste sentido, os instrumentos previstos no artigo cuarto desta lei son compatibles coa lexislación vixente e servirán de vehículo para o tratamento activo da débeda externa.

Artigo sétimo. *A xestión da débeda externa e a cooperación ao desenvolvemento.*

1. O Plan anual de cooperación establecerá para cada ano os obxectivos e as actuacións previstas para a xestión da débeda externa, de acordo cos principios e instrumentos establecidos nesta lei, así como na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, especificando países e sectores de intervención no caso de programas de conversión de débeda, así como os montantes previsiblemente afectados ás operacións en condicións normais, excluindo crises financeiras ou humanitarias imprevistas.

2. Na determinación do Plan anual terase en conta a produción de catástrofes naturais ou graves crises humanitarias nos países debedores, sempre de acordo cos principios e instrumentos establecidos nesta lei. Así mesmo, deberalles dar prioridade ás políticas de tratamento de débeda en función da capacidade de pagamento dos países debedores.

3. A política de xestión da débeda externa enfocada aos aspectos de cooperación ao desenvolvemento trátase na Comisión Interministerial de Cooperación Internacional, co obxectivo de harmonizar as distintas prácticas sectoriais relativas ao tratamento da débeda externa, dándolles unha coherencia de conxunto dentro dos obxectivos da cooperación española ao desenvolvemento e posibilitando a coordinación de toda a información dispoñible.

Disposición adicional primeira.

O Goberno, conforme o disposto no Regulamento da Cámara, informará nos primeiros trinta días hábiles de cada exercicio orzamentario a Comisión de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e a Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados sobre as liñas e estratexias principais en materia de xestión da débeda externa e remitirá cantos datos soliciten os grupos parlamentarios e aqueles que sexan necesarios para determinar con exactitude a cifra total da débeda externa española de carácter bilateral, así como a súa natureza, composición e os países que resulten ser debedores do Estado español, así como os datos referidos á política prevista de tratamento da débeda externa.

Entre outros datos, a información facilitada polo departamento competente relativa á débeda externa española deberá incluír recursos públicos utilizados, obxecto do contrato, datas e razóns das faltas de pagamento, importes pagados e pendentes, débeda reestrutu-

rada e non reestruturada, débeda por países e áreas xeográficas, desagregamento da débeda nas súas distintas categorías, número de acordos asinados por España no Club de París e características deses acordos.

Para a presentación dos ditos datos, o Goberno comparecerá ante a Comisión de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento logo da súa remisión aos distintos grupos parlamentarios. Na información que se facilite especificarase así mesmo a posición que vaian manter ou mantivesen os representantes españois perante os organismos multilaterais con competencias en materia de débeda externa.

Así mesmo, comparecerán ante a Comisión de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Congreso dos Deputados, logo de acordo desta, cantas persoas expertas consideren oportunas os grupos parlamentarios, nas datas inmediatamente posteriores á remisión dos datos e sempre dentro do primeiro período de sesións do ano.

Disposición adicional segunda.

O Goberno intensificará a súa participación no deseño das políticas para o tratamento da débeda nas institucións financeiras multilaterais ou en calquera outro foro de decisión co obxectivo de xogar un papel moi activo e destacado na escena internacional co fin de compatibilizar a xestión da débeda externa mediante os instrumentos previstos por esta lei coa redución da pobreza e o cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento do milenio.

Así mesmo, adoptará unha posición explícita e comprometida ante as iniciativas internacionais relativas á débeda externa, especialmente, no que se refire á creación de mecanismos de prevención de novas crises de sobreendebedamento ou á constitución de instancias de arbitraje, que traten as posibles situacións de débeda, garantindo, ao mesmo tempo, unha repartición equitativa dos custos do axuste para acredores e debedores.

Disposición adicional terceira.

O Goberno remitiralle ao Consello de Cooperación previsto na Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, a información recollida na disposición adicional primeira desta lei, cando así o solicite o mencionado órgano consultivo e de participación.

Disposición adicional cuarta.

A dotación do Estado ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento incrementarase no ano 2006 en 528 millóns de euros, adicionais aos establecidos no artigo 55 da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2006.

Como consecuencia do indicado no parágrafo anterior, o Consello de Ministros poderá aprobar operacións adicionais con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento, polo indicado importe. Inicialmente esta cantidade destinarase á constitución dun fondo fiduciario desde o cal, por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e por proposta da Comisión Interministerial do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento, se financiarán achegas futuras a fondos e programas pertencentes ao sistema de Nacións Unidas ou calquera outro organismo de carácter público e multilateral cos cales España subscriba o oportuno convenio ou acordo de financiamento.

Disposición adicional quinta. *Concesión de suplemento de crédito.*

1. Para facer efectivo o cumprimento do establecido na disposición anterior, concédese un suplemento de crédito ao orzamento en vigor da sección 20 «Ministerio de Industria, Turismo e Comercio»; servizo 06 «Dirección Xeral de Comercio e Investimentos»; programa 431.A «Promoción comercial e internacionalización da empresa»; capítulo 8 «Activos financeiros»; artigo 87 «Achegas patrimoniais»: concepto 871 «Ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento», polo importe de 528 millóns de euros.

2. O anterior suplemento de crédito financiarase cos reintegros que efectúe o Consorcio de Compensación de Seguros provenientes de recobramentos anticipados da débeda externa percibidos no exercicio 2006.

3. A disposición do suplemento de crédito dotado no punto 1 queda condicionada ao ingreso dos recursos que o financian no Tesouro Público.

Disposición transitoria primeira.

O Goberno presentará nas Cortes Xerais, para a súa tramitación e, de ser o caso, aprobación nesta lexislatura, un proxecto de lei que regule o Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (FAD).

Disposición transitoria segunda.

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno presentará na Cámara un plan para renegociar e, se é o caso, cancelar a débeda soberana dos países altamente endebedados (HIPC) con orixe nos seguros de créditos á exportación concedidos por Cesce, así como a débeda FAD dos ditos países contraída con anterioridade ao 31 de decembro de 2003, dentro do marco dos acordos do Club de París.

Disposición transitoria terceira.

O Goberno presentará nas Cortes Xerais para a súa tramitación e, de ser o caso, aprobación nesta lexislatura, un proxecto de lei que reformule a regulación dos créditos Cesce para minimizar o seu impacto na xeración de débeda.

Disposición transitoria cuarta.

Con obxecto de deixar de contabilizar aquelas operacións de débeda externa que non deban computarse como AOD unha vez alcanzada a cifra do 0,7% do PIB, o Goberno presentará perante os organismos internacionais as iniciativas oportunas.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira.

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan necesarias, incluídas as relativas ao réxime económico e financeiro.

Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO